

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
FRANCÉS
(Cód. 12)

PROBA ESCRITA

Características das preguntas sobre os textos e criterios de valoración:

Número total de preguntas: formularanse tres preguntas sobre cada un dos textos propostos.

1) Pregunt 1. Puntuación: 2 puntos.

Test de comprensión sobre o texto.

O alumnado contestará verdadeiro ou falso a unha serie de preguntas sobre o texto. Cada unha das oito preguntas valorarase con 0,25 puntos.

2) Pregunt 2. Puntuación: 3 puntos.

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua.

Pediráselle ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Dado que o número de apartados desta pregunta pode presentar pequenas variacións, a valoración específica de cada un deles será a que figure no exame no enunciado da pregunta 3 (ata un total de 3 puntos).

3) Pregunt 3. Puntuación: 4 puntos.

Nesta pregunta pediráselle ao estudante que faga unha pequena redacción en francés cunha extensión ao redor das cen palabras.

O tema estará relacionado coa temática do texto proposto.

Valorarase a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos do alumno/a.

Os 4 puntos cos que se valorará a pregunta repartiranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Fluidez na expresión, boa utilización das estruturas sintácticas e morfolóxicas: 1'5 puntos.

b) Ortografía: 0'5 puntos.

c) Riqueza e emprego axeitado do vocabulario: 1 punto.

d) En relación co contido: organización, presentación das ideas, encadeamentos lóxicos, estrutura clara do texto: 1 punto.

Valorarase negativamente:

a) Non responder adecuadamente ao tema esixido na pregunta.

b) Non axustarse á extensión establecida.

c) Repetir literalmente as frases do texto.

PROBA DE AUDICIÓN

Características das preguntas sobre os documentos:

Haberá un total de dez preguntas de tipo de test de elección múltiple.

Cada unha das dez preguntas valorarase con 0,1 puntos.

Non se penalizarán as respostas erróneas.